



## FAMIPED

**Familias, Pediatras y Adolescentes en la Red. Mejores padres, mejores hijos.**

## Febre

**Autor/es:** Francisco Javier Garrido Torrecillas. Pediatra. UGC Churriana de la Vega. Granada.

**Traductor/a:** Botóns.eu - Portal Galego de Educación.

[Volumen 7. Nº1. Marzo 2014](#) [1]

**Palabras clave:** [febre](#) [2], [antitérmicos](#) [3]

### Que é a febre?

A febre é o aumento da temperatura do corpo, cando supera os límites que se consideran normais. Non é unha enfermidade, é un síntoma doutras enfermidades.

Considérase febre si a temperatura é maior de 38 grados centígrados.

### Que orixina a febre?

A causa máis habitual da febre, especialmente en lactantes e nenos, son as infeccións. Normalmente son infeccións virais e, menos frecuentemente, infeccións bacterianas.

O arroupamento excesivo, o exceso de calor e a deshidratación, ás veces, orixinan febre.

Tamén pode aparecer febre como manifestación doutras enfermidades (enfermidades reumatolóxicas, intoxicacións,...), aínda que isto é moi raro.

### É grave ou contaxiosa?

A febre por si soa non é contaxiosa; si poden selo algunhas das enfermidades que producen a febre, especialmente as infeccións víricas.

Por si mesma non debe considerarse un signo de gravidade e non causa dano no cerebro.

Nin o grado de febre que ten un menor nin a resposta aos medicamentos son indicativos de gravidade.

### A febre ten algunha utilidade?

A febre forma parte dos mecanismos de defensa do organismo; elevar a temperatura activa os nosos mecanismos de defensa e axúdaos a realizar mellor o seu traballo.

### **Como sabemos se ten febre?**

Hai datos que poden axudarnos a detectar a febre, como son: o aumento das pulsacións do corazón, aumento das respiracións, avermellamento da pel, sensación de calor ao contacto co neno. Pero a mellor forma de confirmar a súa presenza é medila cun termómetro.

Actualmente está prohibida a venda de termómetros de mercurio.

Hai diferentes tipos de termómetros; os máis fiables son os dixitais.

### **Sempre hai que tratar a febre?**

Non sempre é necesario tratar a febre. Recorde que forma parte dos mecanismos de defensa; debemos tratala se causa malestar ou desconforto ou se se trata de febre elevada. Tamén se debe tratar nos nenos que teñen enfermidades graves que afecten o corazón, pulmón, bronquios e sistema nervioso.

### **Como se trata a febre?**

Para tratar a febre úsanse os antitérmicos. O que debemos usar habitualmente é o paracetamol, vía oral ou rectal. A dose depende do peso do menor e poderase administrar cada 4-6 horas. Tamén se pode empregar o ibuprofeno, cada 6 ou 8 horas, a doses que dependen do peso. Este non debe utilizarse en menores de 6 meses.

Non debe alternar antitérmicos de forma rutineira; só en casos moi concretos e sempre por prescrición médica.

Recorde manter os medicamentos fóra do alcance dos nenos.

Os antibióticos non quitan a febre, e non deben empregarse, salvo que llos indique o médico ou pediatra.

É moi importante que estea ben hidratado, asegurándose de que toma líquidos con frecuencia.

Debemos consultar co noso pediatra ou médico se o menor:

- Ten febre alta (maior de 40 graos).
- É menor de dous anos e ten febre durante máis de 24-48 horas.
- É maior de dous anos e ten febre durante máis de 48-72 horas.
- Presenta manchas na pel que apareceron coincidindo coa febre ou nas horas previas.
- Está moi irritable, o choro é intenso e difícil de acougar, ou está moi decaído (malia baixarlle a febre).
- Rexeita alimentos e líquidos de forma continuada.
- Non ouriña ou a ouriña é moi escasa.
- Ante calquera circunstancia estraña ou anormal que acompañe a febre.

Mentres manteña febre, debemos vixiar:

- O seu estado xeral: aspecto, cor, respiración. Observar se ten manchas.
- O seu comportamento e actitude: se está adormecido, moi irritable, con choro excesivo ou moi decaído.
- Se ten algunha dor específico (gorxa, oído, peito, abdome, cabeza,...).
- Se presenta dificultade para mover o pescozo, rixidez.
- Se ten dificultade ou alteracións na respiración.
- Se os ouriños son cheirentos, de cor distinta ao habitual ou moi escasa.
- Se ten vómitos ou diarrea persistentes ou moi abundantes.

### **Cando hai que acudir a urxencias?**

Se aparece algunha das seguintes situacións débese consultar de forma urxente. Aínda que non quere dicir, obrigatoriamente, que presente unha enfermidade grave.

Febre nun menor de 3 meses.

Febre alta e algunha enfermidade crónica grave (malformación do corazón, inmunodeficiencia, cancro en tratamento quimioterápico,...).

Rixidez de pescozo, dificultade para flexionar o pescozo.

Manchiñas na pel de aparición recente, de cor vermella escura ou morada, que non desaparecen ao estirar a pel arredor.

Decaemento, irritabilidade ou choro excesivo e difícil de acougar.

Convulsión ou perda de coñecemento.

Dificultade para respirar (marca as costelas e afunde o esterno, óense como asubíos cando respira, respiración moi rápida, axitada, etc...).

- Vómitos moi abundantes, case continuos.

### **Onde atopar máis información en internet:**

Decálogo de la fiebre de la AEPAP.

Dispoñible en: <http://www.aepap.org/biblioteca/ayuda-en-la-consulta/decalogo-de-la-fiebre> [4]

Familia y salud: fiebre. Dispoñible en: <http://www.familiaysalud.es/nos-preocupa-que/fiebre> [5]

Kidshealth: La fiebre y cómo tomar la temperatura de su hijo. Dispoñible en:

[http://kidshealth.org/parent/h1n1\\_center/h1n1\\_center\\_esp/fever\\_esp.html](http://kidshealth.org/parent/h1n1_center/h1n1_center_esp/fever_esp.html) [6]

[http://www.juntadeandalucia.es/salud/export/sites/csalud/galerias/documentos/c\\_6\\_c\\_7\\_guias\\_de\\_informacion\\_para\\_pacientes/guia\\_fiebre\\_infancia.pdf](http://www.juntadeandalucia.es/salud/export/sites/csalud/galerias/documentos/c_6_c_7_guias_de_informacion_para_pacientes/guia_fiebre_infancia.pdf) [7]